

Lara ROZADOS

Esa pantasma

Fai algo coa túa rabia

María do Cebreiro

Non damos durmido á noite.
Esa pantasma do sorriso
rise de nós.
E o desacougo segue a medrar.
Pasou outro día,
enviaches máis currículos,
chamaches por máis ofertas
de traballo.
Miraches internet,
escoitaches a radio.
Non entendeches,
Volveu o insomnio
(nunca marchara).

Praxe

Á carraxe
dos mércores sen filmes,
a este non dar durmido,
a tanto desacougo,
tirarémolle
algo de proveito.
Aproveitaremos tamén
o insomnio
para destecermos as arañeiras,
trousar as palabras
das que dormen
no fondo do estómago,
dármoslle unha volta
ao cerebro,
desenferruxarmos
a vontade.

Birama

Birama ten máis de 40 anos,
pero el ponse menos.
Veu de Palmarin
(Senegal).
Nos invernos vai a Francia.
No verán queda no Sur,
a recoller oliva
ou amorodo.

Aquí veu probar sorte.

Nun bar do Franco
traballa 14 horas diarias,
os 30 días do mes.
Sen contrato,
claro.

Cortando árbores
(desta si, con contrato)
fixo un corte nun brazo
e botou un mes de baixa,
mentres cicatrizaba.

Xusto o día que lle deron o emprego
morreulle o pai.
Non puido
volver alá.

* Os tres primeiros poemas publicáronse en *O caderno amarelo* (2014, IEM; VII Premio Victoriano Taibo de Poesía).

A fame

Ouvea o lobo
na oitava lúa chea do ano
(na China celébrana),
e seguimos sen poder durmir.
Probamos a facer hai kus
e non damos
(non nos cadran as sílabas).
Abondará con saber
que todo ten dúas lecturas
(cando menos)?

Habemos escribir
con tinta vermella
na pel:
“Non che teño medo, lobo;
lobo, non che teño medo”.
Habemos ser feroces.
Lobas somos abondo,
fame temos bastante.

As cousas que xa non

O “carbón para Mike”
e as cinsas do Gramsci,
“a fala dos avós que temos mortos”
e as cartas das amigas
que temos fóra.

O pelo que nos cae,
a pel por onde engurra,
ou a que sobra no ventre
despois de parir,
a música da infancia,
o que esquecemos,
as cousas que xa non
(nas barbas de quen,
as bolboretas?)